

Organización:
Pazo Municipal de Exposicións
Kiosco Alfonso

Deseño e edición catálogo:
mazairagrafismo, sl

Fotografía:
Luis Carré

Impresión:
Edym, sl

Depósito legal:
C 101-2011

© da edición:
Concello da Coruña


Ayuntamiento de A Coruña
Concello da Coruña



Perfecto Estévez

Casa de Cultura
Salvador de
Madariaga

A Coruña

19 de xaneiro ao
27 de febreiro de 2011

Portada:
Retrato Social
Óleo/lenzo
103 x 84 cm
1983

PERFECTO ESTÉVEZ: AFIADOR DE ESTRELAS

Como ourensán levaba sempre preñida esa faísca do nimbo de Auria, ledicia mesturada coa tristura do que matina e busca. Afiador de formas, profundador entre as negras sobras da Galiza, facéndose a si mesmo: liña a liña, mancha a mancha de cor, pincelada a pincelada, volvendo sobre o aprendido, desprenderse, repetir, tentar, buscar e atopar as súas posibilidades como debuxante, como creador, pintor e deseñador. Feito para improvisar nun país que compre redebuxar. E así, co seu saber ás costas entregouse a causas solidarias. Coñecémolo dende os rebeldes anos setenta, gañando concursos de cartelismo na Rúa de Petín, nas “*Xornadas de Cine*” de Ourense, no Carballiño... e sempre re-creando, teorizando tamén sobre os vellos códigos das tradicións, sobre Castela ou Luís Seoane. Coincidimos en Ourense, arredor da “Agrupación Cultural Auriense”, cando a Cidade das Burgas e dos Artistiñas fervía en ansias de sensibilización para entrar na democracia, cando tamén en Castrelo do Miño se facía un encoro que asolagaba a mellor veiga do Ribeiro do Miño, cando un vendaval derrubaba a “*Araucaria*” da horta da Casa Grande de Trasalba e don Ramón Otero Pedraio abría as cancelas do Trasmundo, cando nos cuarteis de Hoyo de Manzanares eran pasados polas armas cinco mozos, marxistas e nacionalistas, e Aute cantaba “*Al Alba*”, John Lenon “*Imagine*” e Miro Casabella “O meu país”...

Perfecto Antonio Estévez García, Millán Picouto, Marcos Valcárcel, Fernández Naval, Monxardín, Valcarcel... algúns deles espreitantes alumnos dun anovador catedrático de literatura do Instituto o que abría novos camiños pra entender que somos actores da nosa propia Historia de Galiza, era Francisco Rodríguez Sánchez. Profesor atento a todo, o mesmo que acometía ó “*Informe Dramático sobre la Lengua Gallega*” de Alonso Montero: un idioma non morre cando os falantes non queren i trenzan en harmonía teoría e praxe. Castela, Marta Harnecker, Memmi, Wilhelm Reich, Beiras... eran algunhas das lecturas daqueles anos. En todo acto público había ese debate que tanto se bota de menos hoxe.

Eran os anos nos que en Ourense morría Ferro Couselo, a soedade de Xocas, esvaíase o ronsel de “Nós”... cando tamén se albiscaba á luz do fin do longo túnel e se tentaba anovar o herdo, cando a tradición das tertulias saía de ilustradas catacumbas de viño e palabra, librerías como a de “Tanco”, de “*O Volter*”, co “Tucho” ó fronte, oficiando nunha especie de santuario con murais de Xosé Luis de Dios, de Quesada, Virxilio, Conde Corbal, versos de Tovar, máximas de Risco... Sempre arredor de “Nós”, da Galiza. Naqueles anos Perfecto animou e uniu a creadores, fundou os grupos “*Galrexo*”, “*Galicia Imaxe*”, e sempre se sumou e participou en colectivas, homenaxes, con cartafolios e cartaces da súa autoría, anunciando, normalizando... Onde estivese Ourense e Galiza estaba a súa ansia creadora.

Coincidimos novamente na Coruña con Perfecto Estévez. “*Na fronte unha estrela, no bico un cantar...*” dende células partidarias participamos no renacer do periódico semanal “*A Nosa Terra*”, pedimos colaboracións ós artistas e temporalmente fixemos posibles realidades, nas que tamén estaban moitos outros creadores. Luís Seoane, nos seu derradeiro ano de vida, escoltou e prestounos auxilio e conversa no seu estudio da Torre de Riazor, Xurxo Fernández, Pepe Barro estaban nesa mesma andaina, como moitos outros bos creadores e deseñadores de formas que logo, buscaron vida e repartíronse pola xeografía creativa do país. Nesas mesmas ansias naceu a “Asociación Cultural “*Alexandre Bóveda*”, entre moitos outros con Pilar García Negro, Cesáreo Sánchez, Carlos Vales, Tello, Perfecto... aqueles creadores mozos estaban aquí, a un tempo que se facían panfletos, pancartas... eran os anos do Moncho Valcarce Vega, crego, voz popular dos labregos das Encrobas, de Baldaio... cando en Xove se proxectaba unha nuclear... a boa man e rotulación de perfecto Estévez, o dominio do lapis, das plantillas, do pincel, do aerógrafo ou do aerosol, deixábase ver. As pancartas eran cadros con frases e símbolos, e así se foi configurando a súa arte, influenciada polo pancartismo e o xestualismo do grafito. Sabeo ben Manuel Lourenzo, Santiago Fernández, Pillado Mayor, das artes escénicas, cando na Coruña creaban unha sala de teatro estable co nome de “*Luís Seoane*”. Entón Perfecto Estévez pon a súa man para dar unha nova imaxe, identidade de Galiza: facíanas con ollos ben abertos, espreitantes ó infindo, ó porvir, pozos, espirais, ollos como os que pinta Díaz Pardo. E sempre, por derriba de todo, soles, espirais que nacen de fouciñas e se fan estrelas. Grafismo, xestualismo poético, figuración deformada, abstracción, experimentación coa mancha, a liña, as combinacións xeométricas... tenta non perderse en estéticas, senón afondar na ética. Arte solidaria, compromiso no “*Fronte Cultural*”, coas “*Xornadas do Ensino de Galicia*”, no deseño e ilustración de libros, o éxito da “*Historia de Galiza*” da A.N.P.G, en moitas obras de Manuel María. Arte que nacía e se facía das limitacións de recursos. Para pagar unicamente coas grazas... e ás veces nin con eso. Moitos temos e conservamos como parte de nós cousas del, para ser como unha bandeira, un berro, unha xanela aberta á vida, a Galiza, unha permanente chamada a ser e a estar na terra e no tempo.

Por aquí e hoxe seguen ensombrecidos pola grandilocuencia imperante -a que tamén obnubila a nosa Historia- os creadores dos anos setenta, a súa e o seu compromiso, cando eles sementaron tantas cousas. Compre perspectiva histórica para entender que o século XXI comeza a abrirse nestes anos. Era imprescindible nese tempo e hoxe Perfecto Estévez.

Seguímolos en diferentes empresas, como creador e axente publicitario, con encargos para a editorial “*Espiral Maior*”, para a Universidade da Coruña... a súa ansia creadora non se paraba no lenzo, nos tubos de acrílico ou no que se merca nas droguerías. Sabía que o creador bástalle calquera cousa para improvisar algunha creación: o ordenador, as novas tecnoloxías abren a novos horizontes, e neso estaba, como sempre, re-creando sobre o enigma da liñas, as mesturas da cor, procurando impactar, comunicar, aguilloar. E sempre Galiza na espiral.

Leal á Terra, ós amigos, á casa, á súa compañeira lolanda. Perfecto Estévez, creador de estrelas en ceos azuis sobre a imperfección da terra, agradounos e agrandounos a vida, faísca de luz que forma parte inseparable de Nós.

Felipe Senén



Muller treballadora
Acuarela/papel
64 x 49 cm
s.a.



Cartel: Els Joglars Liberdade de Expressión
Impresión/papel
47 x 51 cm
1978




Cartel: Plataforma Galega da Cultura
Impresión/papel
45 x 60 cm
1978



Cartel: Día das Letras Galegas. Por un ensino popular
Impresión/papel
63 x 48 cm
1977



Cartel: Festas de San Cosme
Impresión/papel
57 x 44 cm
1978




Familia
 Óleo/lenzo
 103 x 84 cm/unidade (díptico)
 1984



Retrato do cantor
Óleo/lenzo
100 x 85 cm
1984




Compañeros
Óleo/lenzo
96 x 77 cm
1984



Ela
Óleo/lenzo
81 x 65 cm
1984

Meditación
Óleo/lenzo
100 x 81 cm
1988



Parella
Óleo/lenzo
63 x 93 cm
1988






Teatro
Óleo/lenzo
65 x 93 cm
1991



Sen título
Óleo/lenzo
93 x 74 cm
1991



Sen título
Óleo/lenzo
96 x 100 cm
2002



Sen título
Óleo/lenzo
100 x 88 cm
2002



Explosión de amor
Técnica mixto/táboa
91 x 101 cm
2003



Sen título
Óleo/madeira
119 x 71 cm
2002